

ENTROIDO 2018

CONCURSO DE DISFRACES

BASES

1º) O concello de Nogueira de Ramuín convoca un concurso de disfraces o día 10 de Febreiro de 2018, dentro da programación de festexos do Entroido.

2º) A este concurso poderán inscribirse todas aquelas persoas que o desexen con independencia da súa procedencia.

3º) A inscrición deberá ser formalizada no Departamento de Cultura do Concello de Nogueira de Ramuín.

4º) A data límite de inscrición será o día 8 de Febreiro ata as 14:00 h.

5º) O desfile de disfraces queda fixado para o día 10 de Febreiro a partir das 16:00 h. na Praza do Afiador de Luintra, ou ben no pavillón municipal en caso de meteoroloxía adversa.

6º) A organización nomeará un xurado que será o encargado de adxudicar os premios establecidos, sendo a súa decisión inapelábel.

7º) Os premios serán os seguintes:

COMPARSAS (máis de 5 compoñentes)

1º PREMIO: 250 € - 2º PREMIO: 150€ - 3º PREMIO: 100€

INDIVIDUAIS (que non formen parte dunha comparsa)

PREMIOS SORPRESA AOS 3 PRIMEIROS CLASIFICADOS

INFANTÍS

PREMIOS SORPRESA AOS 10 PRIMEIROS CLASIFICADOS

8º) A participación no concurso de disfraces implica a aceptación destas bases.

